

COMUNICADO Nº 037/16

3 DE MARZO DE 2016

NORMATIVA PARA A INCLUSIÓN NOS REVERSOS DAS ENTRADAS, E PARA SITUAR NOS CARTEIS INFORMATIVOS, DOS CIRCUÍTOS DE AUTOCROSS, RALLYCROSS E KARTING DE GALICIA.-

Dacordo ao establecido no artigo 20 do Real Decreto 203/2010, do 26 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de prevención da violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte, **é necesario que os organizadores inclúan no reverso das entradas** para o acceso aos recintos deportivos e **sitúen carteis informativos legibles** en todas as zonas de entrada ao recinto, na zona de despachos de billetes, no caso de habelas, **con, polo menos, as seguintes prohibicións:**

“Son causas que impiden o acceso ao recinto deportivo ou a permanencia no mesmo as seguintes:

- a) *Participar en altercados, rifas, pelexas ou desordes públicos.*
- b) *Introducir, portar ou utilizar calquera clase de armas ou de obxectos que puidesen producir os mesmos efectos, como elementos punzantes, cortantes, ou de peso superior a 500 gramos/mililitros susceptibles de utilizarse como proxectís, tales como alimentos en recipientes ríxidos, bebidas embotelladas ou os seus envases.*
- c) *Introducir ou estar en posesión de bengalas, petardos, explosivos ou, en xeral, produtos inflamables, fumíferos ou corrosivos e dispositivos pirotécnicos.*
- d) *Atoparse baixo os efectos de bebidas alcohólicas, estupefacientes, psicotrópicos, estimulantes ou sustancias análogas.*
- e) *Introducir ou vender calquera clase de bebidas alcohólicas, sustancias estupefacientes, psicotrópicas, estimulantes ou análogas.*
- f) *Introducir, exhibir ou elaborar pancartas, bandeiras, símbolos ou outros sinais con mensaxes que inciten á violencia ou ao terrorismo, ou en cuxa virtude unha persoa ou grupo delas sexa ameazada, insultada ou vexada por razón da súa orixe racial ou étnica, relixión ou conviccións, discapacidade, idade, sexo ou orientación sexual.*
- g) *Realizar cánticos, expresións, sons ou actitudes que inciten á violencia ou ao terrorismo, ou que pretendan vexar a unha persoa ou grupo delas por razón da súa raza ou etnia, discapacidade, relixión ou conviccións, sexo ou orientación sexual.*
- h) *Irromper a actividade no circuito.*
- i) *Ser sancionado coa prohibición de acceso a calquera recinto deportivo en tanto non se extinguiu a sanción.*
- j) *Prezo da entrada e tributos que graven a operación.”*

ASESORÍA XURIDICA DA FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO